



INNOVACIÓN E INDUSTRIA INVISTE UN MILLÓN DE EUROS NA PROMOCIÓN DA GASTRONOMÍA GALEGA

- **O conselleiro de Innovación e Industria, Fernando Blanco, presidiu a inauguración da Novena Edición do Salón Galego de Gastronomía e Turismo Xantar, en Ourense**
- **Fernando Blanco avogou pola gastronomía como elemento diferenciador do noso país e pola consolidación da cociña atlántica como marca de distinción**

Ourense, 5 de marzo de 2008. O conselleiro de Innovación e Industria, Fernando Blanco, anunciou que o seu departamento está a destinar este ano un millón de euros á promoción da cociña galega e avogou pola consolidación do noso país como destino de calidade no eido gastronómico. O titular nacionalista presidiu esta mañá o acto de inauguración de Xantar 2008, a novena edición do Salón Galego de Gastronomía e Turismo que se desenvolve no recinto feiral de Ourense, e defendeu a calidade da cociña atlántica que dende a Consellaría de Innovación e Industria, segundo afirmou, se pretende consolidar como marca de distinción.

Fernando Blanco reiterou o apoio do seu departamento ao salón ourensán Xantar, un evento que presta atención na súa oferta, a xuízo do conselleiro, á dinamización turística do interior galego e á desestacionalización da afluencia de visitantes ao noso país. Blanco celebrou que este ano sexa Portugal o país convidado ao salón, país co que dixo compartimos identidade cultural e gastronómica, e destacou a proxección internacional do evento. Segundo explicou, a Consellaría de Innovación e Industria está a amosar en todas as súas actuacións de promoción turística no exterior unha especial atención para que a gastronomía teña o seu espazo. É xa habitual, dixo, a presenza en feiras internacionais de distintos lugares do mundo e hoxe mesmo a cociña galega está a promocionarse nunha das principais feiras europeas, a ITB de Berlín a través dun stand do Centro Superior de Hostalaría de Galiza, dependente da Consellaría.

O conselleiro tamén informou de que en breve a Consellaría que dirixe levará un stand sobre gastronomía galega á Feira IMEX en Frankfurt, tal como se fixo na pasada edición de Fitur e de Madrid Fusión (o IV Cumio Internacional Gastronómico), e que o propio salón Xantar vén de promocionarse na Feira Internacional de Gastronomía de México en Guadalajara. Fernando Blanco anunciou ademais, de cara á vindeira celebración da Exposición Universal de Zaragoza, que Galiza contará cun espazo propio onde o restaurante ocupará un lugar central en canto ás propostas de difusión turística.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLARÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA